



**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA POLO PLENO DA CORPORACIÓN
EN DATA 12 DE SETEMBRO DE 2024**

PRESIDENTE:

PABLO DIEGO MOREDA GIL

MEMBROS:

CARMELA PRIETO CAL
JESUS ROMERO CARRACELAS
LUCIA PICOS ANEIROS
ISMAEL DURAN BEREIJO
XULIO CRIBEIRO GARCIA
PABLO LUIS NEBRIL LOPEZ
OLGA IGLESIAS BEREIJO
HIGINIO MANUEL CASAS REGUEIRA
XOSE ANTON ARRIIBE RODRIGUEZ
MARIA JOSE PERNAS DIAZ
MANUELA LOPEZ RODRIGUEZ

AUSENTES:

Excusa a súa asistencia o Concelleiro:
NOEL LOPEZ LOPEZ

SECRETARIA:

ANA VELO RUIZ

Na Casa Consistorial do Concello de Cedeira (A Coruña), ás 20:02 horas do día 12 de setembro de 2024, reúnese o Concello Pleno en primeira convocatoria, previa convocatoria para os efectos, co obxecto de realizar sesión extraordinaria, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente e coa asistencia dos Sres./Sras. Concelleiros/as que arriba se relacionan, actuando como Secretaria a titular da Corporación, dona Ana Velo Ruiz, que dá fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, para a válida realización das sesións plenarias, declara aberta esta.

O Sr. Alcalde lee a motivación da convocatoria deste Pleno extraordinario:

“Considerando que o prazo para presentar a solicitude de participación na segunda fase do POS+ADICIONAL 2/2024 remata o día 13 de setembro, ás 15:00 horas, no uso das facultades que me están conferidas ao abeiro do establecido no artigo 21.1.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local”

1. SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NA SEGUNDA FASE DO POS+ADICIONAL 2/2024

Polo Sr. Presidente sométese a consideración do Pleno a ratificación da inclusión da proposta na orde do día, de conformidade co previsto no artigo 82.3 do ROF, resultando APROBADA a súa inclusión por unanimidade dos membros presentes.



Pola Secretaria dáse lectura á proposta de Alcaldía de data 9 de setembro de 2024, que di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Asunto: SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NA SEGUNDA FASE DO POS+ADICIONAL 2/2024

Con data de maio de 2024 recibíuse do Servizo de Xestión de Plans da Excm. Deputación Provincial unha circular sobre a elaboración do POS+ADIC 2/2024 PARA INVESTIMENTOS FINANCEIRAMENTE SOSTIBLES E GASTO CORRENTE POR MAIOR ACHEGA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL, e corresponde ao Concello de Cedeira a cantidade de 89.482,31 € para a segunda fase deste plan.

Por isto, propoño ao Pleno da corporación a adopción do seguinte acordo:

- 1.- Participar na **segunda fase** do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) **“POS+ ADICIONAL 2/2024”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación:

A) Financiamento de gastos correntes:

Gastos correntes	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes devengados no 2024, distintos dos solicitados, de ser o caso, no POS+ 2024 base	89482,31 €

B) Financiamento de investimentos financeiramente sostibles (non incluír os solicitados na 1ª fase):

Investimentos financeiramente sostibles SI incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2024 (Non incluír os solicitados na 1ª fase do POS+ Adicional 2/2024)	Financiamento dos investimentos				Orzamento total
	Deputación	Concello			
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. de auga potable)	Total concello	
TOTAL	0,00				0,00

Investimentos financeiramente sostibles novos (NON incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2024)	Financiamento dos investimentos				Orzamento total
	Deputación	Concello			
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. de	Total concello	



			auga potable)		
	TOTAL	0,00			0,00

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que non estaban incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2024 e que se relacionan nesta táboa.

C) Resumo de financiamento:

POS+ ADICIONAL 2/2024 2ª FASE	Deputación	Concello			Orzamento Total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. de auga potable)	Total Concello	
Gastos correntes do 2024 (distintos dos solicitados no POS+2024 Base)	89482,31				89482,31
Investimentos incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2024 (non incluír os solicitados na 1ª fase)	0,00				0,00
Investimentos novos (non incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2024)	0,00				0,00
TOTAL	89482,31				89482,31

2.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

3.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2024, se a houbera.

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

6.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.



7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

Aberto o turno de intervencións, o Sr. Alcalde di: Para os que non o coñezan, a Deputación digamos que o que fai e meter remanentes neste POS adicional, pero non significa que a cantidade que nos dean sexan solo 89.482,31 euros. O que nos dan creo que son 291.000 euros máis, non estou seguro agora mesmo da cifra de memoria, que é o que aprobamos cando se aprobou o POS, o ano pasado, do 2024 que ían unha serie de pistas. Entón, como iso xa o metemos no POS, eles ao darnos unha cantidade de diñeiro, ese proxecto que xa temos metido xa o meten con ese diñeiro e a cantidade restante que son estes 89.000 euros son os que metemos en gasto corrente. Esa obra de 200 e pico mil euros, case 300.000 xa ten, digamos, os pregos aprobados e o que estamos pendentes é a que a Deputación agora mesmo nos autorice para poder sacalo a licitación. Cando nos autorice, que será en menos dun mes, sacarémolo a licitación. Non sei se me expliquei ben. Non sei se tedes algunha pregunta.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA: APROBAR a proposición de Alcaldía nos termos nos que quedou transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión ás 20:07 horas do expresado día, estendéndose a presente acta do que eu, como Secretaria, dou fe.

O PRESIDENTE
PABLO DIEGO MOREDA GIL

A SECRETARIA
ANA VELO RUIZ